



Á atención de:

TODOS OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Data:

11.01.2010

Listado de actividades-eventos que se programan no marco de Lugo10:

Como se ven sinalando a programación non está pechada integramente, polo que se irán desvelando os seus pormenores conforme vaia avanzando o ano e aumente o número de patrocinadores.

Igualmente, hai unha serie de actuacións das que xa podemos ir dando conta e que forman parte do programa de *Lugo10*:

1. Coca-Cola a través de Begano deseñará unha botella conmemorativa de *Lugo10* e o Décimo aniversario da Muralla como Patrimonio Mundial. A botella será difundida en todas as súas canles de venda.
2. A Fundación ONCE traducirá a braille toda a documentación que se empregue para a difusión de *Lugo10*, así mesmo fará un cupón conmemorativo deste aniversario e traerá a Lugo unha exhibición nacional de cans guía.
3. A produtora do filme Agora, Mod Producciones, traerá a Lugo unha exposición con todos os traxes da película. Non é unha exposición itinerante, co cal é a única cidade do mundo que contará coa mostra.
4. Haberá exposicións. Tamén con varias propostas externas como as da Fundación La Caixa, incluídas en *Lugo10*, por exemplo a recoñecida exposición *Orígenes*.
5. DO Ribeira Sacra elaborará un viño conmemorativo, etiquetado como *Lugo10*.
6. *Lugo10* estará presente na celebración do 75 aniversario do Club Fluvial.
7. Realizaranse actividades nos colexios, coas asociacións, cos clubs deportivos, cos centros de convivencia, na zona rural...
8. Farase un encontro internacional de bloggers e redes sociais en relación coa Muralla.
9. Toda a programación anual relacionada co Concello centrarase no decimo aniversario da muralla. Visitas teatralizadas, certames, Arde Lucus...
10. Haberá un servizo de guías exclusivo para a Muralla que poderán utilizar os lucenses e os visitantes.
11. Teremos sorpresas cos hostaleiros da cidade, e crearemos o premio *Lugo10* no concurso de Tapas e pinchos.
12. Iberia bautiza a un dos seus Airbus 320 tamén como Muralla de Lugo.
13. O Conservatorio de danza de Lugo comezou xa a preparar unha coreografía sobre a muralla que presentarán ao longo do ano.

14. O humor, virá da man, entre outros de Luis Piedrahita e Flipy.
15. Estarán en Lugo, Los Secretos, coa súa nova xira.
16. Música clásica: o ano 2010 traerá á cidade a grandes figuras da música como a mezzosoprano italiana Romina Basso, a soprano madrileña María José Moreno, o pianista italiano Andrea Lucchesini, a soprano extremeña María Espada ou as dúas mezzosopranos suecas, Ann Hallenberg e Katerina Karnéus.
17. Tamén visitarán a cidade dúas agrupacións de renome internacional como La Risonanza e Il Complesso Barocco dirixidas, polos prestixiosos directores e fundadores Fabio Bonizzoni e Alan Curtis. Case todos eles debutan en Lugo.
18. Tamén haberá breakdance e música lucense polas rúas e prazas da cidade.
19. Os máis novos e os colexios, terán un papel protagonista. *Lugo10* entrará de cheo no Goberno Infantil e celebrárase unha festa cos cativos e cativas de Lugo que cumpren 10 anos neste 2010.
20. Ademais da aposta dos clubs que levarán o nome da nosa cidade e da nosa Muralla romana alí onde vaian, o deporte de base e de elite tamén terá presenza en *Lugo10*. Levarase a cabo por primeira vez en Lugo a Subida pedestre á calzada romana e a I Subida a Lugo. Ademais da Carreira Solidaria Lugo Monumental Gran Premio *Lugo10*. En total haberá máis de 100 actividades deportivas ao longo de ano que se desenvolverán entorno á Muralla Romana de Lugo.
21. Europa tamén se fixará este ano na nosa Muralla. Lugo, entre outras cousas acollerá un encontro de cidades con patrimonio mundial romano.
22. Teremos tamén un San Froilán de luxo entorno á muralla e con concertos *Lugo10*.
23. Arde Lucus terá como eixo motor o pasado romano lucense e o seu monumento máis emblemático. Será os días 25-26 e 27 de xuño. Con numerosas novidades enmarcadas en *Lugo10*.
24. Abrazo á Muralla
25. Antes do verán porase en marcha un stand turístico-medioambiental móbil e pioneiro en España, en forma de barco pesqueiro, homenaxeará á Muralla, levando o seu nome por toda a xeografía española. O Barco *Muralla de Lugo* non só funcionará como aula medioambiental, promocionando a nosa provincia, senón que “surcará” as estradas para estar presente en feiras e festas contribuindo á comercialización dos produtos autóctonos lucenses. Neste momento estamos ultimando a construción do barco, que no seu interior ten ordenadores, todo tipo de información medioambiental da nosa provincia e mobiliario náutico. Presentaremos o *Muralla de Lugo* nunha “botadura” oficial, como se fai con todas as embarcacións.
26. Este ano celebramos o decimoquinto aniversario do Centro de Artesanía e Deseño. Reorientamos esta celebración ó décimo aniversario da Muralla, polo que un dos actos principais será a “Pasarela Muralla Moda 2010”, en colaboración coa tenda “Dulce Locura” de Lugo. Presentaremos as últimas tendencias do mundo da moda xunto ás creacións dos nosos artesáns, deseñadores e xoieiros, e todo cun fin solidario, xa que os beneficios da gala serán destinados a organizacións sen ánimo de lucro.
27. Igual que esta provincia medrou de costas á Mariña lucense, a cidade de Lugo ten que seguir abríndose ó río. A Deputación inicia este ano a campaña *Lugoteando*, dedicada a Lugo e a auga. Dentro do aniversario da Muralla, organizaremos actividades acuáticas que poñan en valor o segundo patrimonio lucense ademais do histórico: o medioambiental.
28. Para conseguir a máxima difusión fóra de Galicia, desde a Fundación TIC - dependente da Deputación de Lugo- celebraremos este ano o I Concurso

Nacional de Curtas e Maquetas “Lugo 10”. Aínda que imos presentar publicamente as bases, as curtametraxes e un mínimo de cancións das maquetas de música terán que versar en torno á Muralla.